

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Segundo o *Decreto 86/2015*, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora e, para o alumnado de Bacharelato, será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Unha materia de carácter instrumental como é o caso da de Lingua Francesa debe manter ese sistema pola imposibilidade de illar uns obxectivos doutros.

ETAPA DA ESO

1.- Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, **a avaliación é continua, progresiva e sumativa** polo que tratarase de favorecer e recompensar a evolución do alumnado, dándolle máis peso ás últimas avaliacións, levando a cabo a aplicación do seguinte cálculo:

- 1ª avaliación: 10%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 60%

2.- **A nota de cada avaliación** será calculada da seguinte forma:

- O **80 %** da nota corresponderá ás distintas **probos escritas*** que se poderán efectuar e que, á súa vez, dividiránse en:

- a) exames (80 %)**, con exercicios de:
- gramática (25 %)
 - comprensión oral (25 %)
 - comprensión escrita (25 %)
 - expresión escrita (25 %)

b) probas de expresión oral (20 %)

- O **20%** da nota corresponderá a **probos diversas*** -orais ou escritas- de traballo diario (deberes, tarefas e aportacións na aula, fichas de lectura, proxectos, etc.) avaliadas mediante táboas de indicadores (15%), e tamén se considerará á evolución dentro das destrezas da materia, a actitude e o comportamento nas clases (5%).

***Probos** que se poderán utilizar dentro dos **exames** o dos **exercicios de expresión oral**.

Dentro dos *exames*:

- exercicios de gramática con ocios para completar, continuar una frase, buscar un sinónimo.
- exercicios con debuxos para situar ou describir elementos.
- exercicios con formulación de preguntas ou respostas ás previamente plantexadas

- exercicios de comprensión escrita con preguntas sobre un texto dado.
- exercicios de expresión escrita, dirixidos ou non.
- exercicios de comprensión oral do tipo: verdadeiro-falso, marcar a resposta correcta entre varias, responder a preguntas sobre o escoitado previamente, etc.

Dentro dos *exercicios de expresión oral*:

- falar sobre un tema (monólogo) consistente na presentación de si mesmo ou dun personaxe
- interacción con outros alumnos ou co profesor mediante a representación dunha situación improvisada, con ou sen preparación
- dramatización dun texto con dous ou mais personaxes.
- presentación dun traballo vía "on line" ou coa utilización do ordenador ante a clase sobre un tema abordado
- interpretación dunha canción

O alumnado deberá obter como mínimo un 3 nas partes de probas e un 3 na parte de traballo diario para poder facer media. De non obter este mínimo, considerarase que non alcanzaron os estándares de aprendizaxe mínimos esixibles e, polo tanto, non poderán obter un aprobado.

3.- Realizaranse, como mínimo, **dous exames** por avaliación. A nota media poderá ser aritmética ou ponderada. O profesor/a deberá indicar sempre ao alumnado a porcentaxe atribuída a cada unha das probas, se considera que teñen unha importancia distinta.

Todos os exercicios que conformen as probas deberán levar indicada a puntuación correspondente.

O **redondeo** farase á alza a partir do **0,7** (de 4,7 a 4,9 redondearase a 5, e de 4,1 a 4,6 redondearase a 4) sempre que se cumpran os seguintes requisitos :

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.
- Non ter acumuladas 3 ou máis faltas de deberes no trimestre.

A copia nun exame que sexa detectada supoñerá a cualificación de 0,0 no correspondente trimestre. Así mesmo, a detección de fraude ou copia nun traballo tamén supoñerá a cualificación de 0,0 nese traballo.

4.- Tendo en conta o carácter progresivo e contínuo da materia, non se realizarán **recuperacións** trimestrais.

Ao final do último trimestre, unha vez feita a media global dos tres trimestres, o alumnado que non obtivese unha cualificación positiva terá a opción de realizar unha proba final escrita ou, se así o decide o departamento, unhas tarefas específicas tendo en conta a diversidade do alumnado.

A proba final escrita estará composta por exercicios de: gramática e vocabulario (25%), comprensión oral (25%), comprensión escrita (25%) e produción escrita (25%). Para aprobar, cómpre obter un 5.

ETAPA DE BACHARELATO

A avaliación será continua. Todos os contidos impartidos durante o curso serán permanentemente avaliados ao longo do curso.

1.- A cualificación final da materia calcularase aplicando as seguintes porcentaxes:

- 1ª avaliación: 20%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 40%
- Traballo diario: 10%

No apartado de traballo valoraranse as **redaccións** sobre os diferentes temas tratados, que o alumnado teña que entregar con regularidade durante todo o curso.

2.- A nota de cada avaliación será calculada da seguinte forma:

- **Probas orais: 20%** da nota. Dividiranse en:

- a) unha proba de expresión oral (**10 %**) ao final da avaliación
- b) unha proba de comprensión oral (**10 %**)

- **Probas escritas: 80%** da nota.

O alumnado deberá obter **como mínimo un 4 en cada parte** para poder facer media.

3.- Realizaranse dous exames por avaliación. Un deles seguirá o modelo da proba da ABAU.

O **redondeo** farase á alza a partir do **0,5** (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, e de 4,1 a 4,4 redondearase a 4) sempre que se cumpran os seguintes requisitos :

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.
- Non ter acumuladas 3 ou máis faltas de deberes no trimestre.

A copia nun exame que sexa detectada supoñerá a cualificación de 0,0 no correspondente trimestre. Así mesmo, a detección de fraude ou copia nun traballo tamén supoñerá a cualificación de 0,0 nese traballo.

4.- Haberá unha proba final de **recuperación** para as/os alumnos coa 3ª avaliación suspensa ou cunha cualificación global insuficiente. Para aprobar, cómpre obter un 5.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN COMO MATERIA PENDENTE

O alumnado coa materia pendente estará sempre supervisado por un profesor de francés, ben o seu propio profesor se segue matriculado na materia, ou ben polo xefe do departamento.

O alumnado deberá entregar, durante o primeiro trimestre, un boletín obrigatorio formado por diversos exercicios nos que se traballen as distintas competencias. Se a realización e entrega do boletín, por parte do alumnado, é satisfactoria e certifícase a adquisición dos obxectivos do curso, a cualificación será positiva e darase así por recuperada a materia pendente. Pola contra, se a nota resultante é insuficiente, o alumnado terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba ordinaria de xuño mediante a realización dunha proba escrita composta por exercicios de: gramática e vocabulario (25%), comprensión oral (25%), comprensión escrita (25%) e produción escrita (25%). Para aprobar, cómpre obter un 5.

Tanto se o alumnado segue matriculado na materia, como si está desligado dela, sempre poderá consultar ó departamento calquera dúbida para a preparación das probas correspondentes. Así mesmo, o departamento poderá facilitarlle exercicios de práctica ou corrección dos mesmos.